# ‘COPA XACOBEO 2021’
# 1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA

**PARTICIPANTES**

Disputarana obrigatoriamente, os doce (12) equipos participantes na 1ª División Autonómica Masculina.

**FÓRMULA E DATAS DE COMPETICIÓN**

Esta competición levarase a cabo en duas (2) fases, cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª FASE ou FASE DE GRUPOS:**

Os doce (12) equipos participantes distribuiranse en tres (3) grupos de catro (4) equipos cada un.

Xogarase mediante o sistema de liga, baixo a formula de todos contra todos a unha soa volta dentro de cada grupo.

**2ª FASE ou FASE FINAL:**

Disputarana os tres (3) primeiros clasificados de cada un dos grupos da 1ª Fase ou Fase de Grupos e o mellor segundo (2º) clasificado dos tres grupos da citada Primeira Fase.
O sorteo público realizarase entre os días **06/04/2019** e o **17/04/2019** na sede da Federación Galega de Balonmán e retranmitido en directo vía Facebook. Na eliminatoria de Semifinal non poderán coincidir aqueles equipos que na 1ª Fase ou Fase de Grupos estiveran encadarados no mesmo grupo.

Xogarase mediante o sistema de eliminatoria a partido único; Semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante unha mesma fin de semana (Sábado e Domingo), nunha mesma sede.

## DATAS DE CELEBRACIÓN



A 1ª FASE ou FASE DE GRUPOS disputarase entre os días 22 de Setembro de 2019 e o 06 de Outubro de 2019.

A 2ª FASE ou FASE FINAL disputarase os días 25 e 26 de Abril de 2020:

## CADRO DE COMPETICIÓN

| | EQUIPO LOCAL | EQUIPO VISITANTE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|---|
| **SEMIFINAL 1** | 1º Grupo | 1º Grupo | 25 de Abril 2020 |
| **SEMIFINAL 2** | 1º Grupo | Mellor 2º Clasificado | 25 de Abril 2020 |

| | EQUIPO LOCAL | EQUIPO VISITANTE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|---|
| **3º E 4º POSTO** | Perdedor Semifinal 1 | Perdedor Semifinal 2 | 26 de Abril 2020 |
| **FINAL** | Vencedor Semifinal 2 | Vencedor Semifinal 1 | 26 de Abril 2020 |

## DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS

Para establecer o mellor clasificado dos tres (3) grupos da 1ª Fase ou Fase de Grupos da competición se terá en conta o establecido no punto 3º do Artigo 13 do Regulamento de Partidos e Competicións da Real Federación Española de Balonmán.

a) Número de puntos obtidos.

b) Maior diferenza de goles a favor e en contra.

c) Maior número de goles marcados.

Estas normas específicas da COPA XACOBEO 2021 compleméntanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devenditas normas compleméntanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.